



A sostibilidade da profesión veterinaria centrou o Congreso Anembe 2026

Valladolid foi a cidade escollida para acoller, do 20 ao 22 de maio, a XXVIII edición do Congreso Internacional Anembe de Medicina Bovina de España. A cita reuniu 871 congresistas, acadou cifras históricas de participación e consolidou o papel do encontro como referencia técnica, científica e profesional para a buiatría española.

Unha nova edición de récord para Anembe. O Congreso Internacional de Medicina Bovina regresou este ano cunha convocatoria marcada pola alta participación, a amplitude do programa científico e un foco especialmente dirixido cara ao futuro da profesión veterinaria. Valladolid foi a sede elixida para unha cita que, segundo explicou o presidente de Anembe, Juan Carlos González, reunía as condicións que busca a asociación para o desenvolvemento do seu congreso anual: unha cidade de tamaño medio, ben comunicada e accesible para profesionais procedentes de distintos puntos de España.

Os datos confirman o crecemento dun congreso que continúa reforzando a súa posición dentro do sector. A XXVIII edición contou con 871 congresistas inscritos, 50 empresas colaboradoras, 36 relatores, 52 relatorios

principais, 51 comunicacións orais, 28 pósters e 10 simposios de empresa. “Máis, case non se pode facer”, resumiu González ao valorar unhas cifras que reflicten tanto a capacidade de convocatoria de Anembe como o interese crecente pola formación especializada en medicina bovina.

Durante tres xornadas, o programa combinou contidos científicos, formación práctica, sesións técnicas, comunicacións orais, pósters e espazos de encontro con empresas. Para o presidente da asociación, unha das claves dos últimos anos foi precisamente ter acadado “un equilibrio entre ciencia, formación e relación coas casas comerciais”. Neste sentido, destacou que o congreso ofrece a laboratorios e compañías do sector un espazo especialmente valioso para presentar produtos, intercambiar coñecemento e manter contacto directo con centos de profesionais en apenas uns días.

Pero a edición de Valladolid non só se centrou na actualización técnica. O lema elixido, “A sostibilidade da profesión veterinaria”, puxo o foco nunha cuestión interna que a organización considera cada vez máis urxente: como se atopa a profesión, que retos afrontan as novas xeracións e por que o ámbito dos ruminantes resulta menos atractivo para parte dos mozos veterinarios. “É unha profesión dura, esixente e moi vocacional”, sinalou González, que subliñou a importancia de analizar tamén os aspectos emocionais e laborais de quen exerce a buiatría.

Con ese enfoque, o congreso incorporou unha mesa redonda dedicada ao benestar da profesión veterinaria, na que se debateron cuestións como a carga de traballo, a remuda xeracional, a presión profesional e a sostibilidade laboral. Segundo o presidente de Anembe, esta análise permitirá

► O CONGRESO ANEMBE 2026 REUNIU 871 CONGRESISTAS, 50 EMPRESAS COLABORADORAS, 36 RELATORES E 52 RELATORIOS PRINCIPAIS

extraer conclusións e abrir novas liñas de traballo para entender mellor as necesidades actuais dos profesionais e avanzar nun diagnóstico máis completo do sector.

A cita serviu tamén para facer balance dunha etapa de crecemento para a asociación. González destacou a creación da Fundación Anembe, concibida como unha ferramenta clave para reforzar a actividade formativa nos próximos anos, e o avance no desenvolvemento da futura Academia Anembe, pensada como un espazo común no que os socios poidan realizar prácticas. Unha aposta coherente, lembrou, cunha profesión “eminente práctica” e coa necesidade de seguir impulsando a formación aplicada, a innovación e as novas tecnoloxías.

MÉRCORES 20: REPRODUCCIÓN, SANIDADE, DATOS, SOSTIBILIDADE E BENESTAR PROFESIONAL

A reprodución foi un dos primeiros eixos da xornada coas intervencións de **Stephen Butler**, investigador científico e xefe do grupo de investigación sobre reprodución do gando leiteiro en Teagasc Moorepark, quen deu a coñecer os resultados de ensaios de investigación e datos de campo sobre o uso de seme sexado en rabaños leiteiros irlandeses. Nun segundo relatorio abordou o rendemento reprodutivo de embrións pro-



Juan Carlos González, presidente de Anembe



O veterinario David Iglesias presentou o Proxecto Nyangatom, sobre cooperación en Etiopía



ducidos *in vitro*, tanto frescos como conxelados, e a súa aplicación práctica en programas reprodutivos.

A sanidade do ubre centrou varios dos relatorios da tarde da man de **Sofie Piepers**, directora xeral de MEX e profesora visitante na Universidade de Gante, especializada en mastite e calidade do leite. Nas súas intervencións revisou que hai realmente de novo en mastite e que problemas continúan sendo recorrentes nas explotacións leiteiras, ademais de afondar na relación entre camas e mastite desde unha perspectiva de

investigación, avaliando factores de risco e estratexias de prevención.

A sanidade parasitaria tamén tivo o seu espazo coa intervención de **María Martínez Valladares**, científica titular do CSIC no Instituto de Gandería de Montaña, cuxa investigación se basea en infeccións por helmintos, resistencias antihelmínticas e estratexias sustentables de control. En paralelo, **Laura Montoro**, profesora adxunta da Facultade de Veterinaria da Universidade CEU Cardenal Herrera, analizou a problemática das resistencias antimicrobianas en produción bovina e o seu impacto na práctica veterinaria.

Outro dos bloques destacados foi o dedicado á dixitalización e ao uso de datos en produción animal. **Alberto Morillo**, veterinario con traxectoria en nutrición animal, produción porcina, estatística aplicada e xestión de proxectos, focalizou as súas intervencións no papel dos datos na revolución da produción animal e en como a minería de datos pode converterse nunha ferramenta estratéxica para a toma de decisións nas granxas. ►►

OBRADEIROS PRÁCTICOS

O congreso incluíu varios seminarios e obradoiros prácticos orientados á formación aplicada en clínica, diagnóstico e novas ferramentas para a veterinaria bovina. Estas actividades, celebradas como complemento ao programa científico, permitiron afondar en contidos de carácter práctico e directamente vinculados ao traballo en campo.

O Seminario de Ecografía de Órganos Abdominais e Torácicos estivo dirixido por Camilo Cabra, médico veterinario creador do método BovATUS. A actividade vinculouse coa aplicación da ecografía clínica en bovino máis alá do aparello reprodutor e co diagnóstico de patoloxías abdominais e torácicas mediante este método, temas que tamén formaron parte dos seus relatorios dentro do programa científico.

Pola súa banda, o Seminario Interactivo de Medicina e Cirurxía en Gando Bovino foi impartido por Amanda Hartnack, profesora clínica de Cirurxía de Animais de Consumo na Facultade Vetsuisse da Universidade de Zúric. O obradoiro reforzou a orientación práctica do congreso no ámbito da medicina e da cirurxía bovina, cun enfoque dirixido á actualización clínica e ao traballo en condicións de campo.

Finalmente, o Obradoiro Práctico de Intelixencia Artificial en Veterinaria Bovina, impartido por Néstor Guerra, de NCompany, incorporou ao programa unha liña de formación centrada no uso de novas ferramentas dixitais e no papel que a IA pode desempeñar como apoio á práctica veterinaria.

A sostiabilidade e o papel da gandería no medio ambiente estiveron presentes coas intervencións de **Gonzalo Palomo**, socio fundador de Velaqui Solutions, investigador da Universidade de Estremadura e educador en Manexo Holístico polo Instituto Savory, que falou do pastoreo como ferramenta para a prevención de incendios a través do Proxecto Mosaico. Tamén participou **Jorge Conte**, xerente de Moncayo Ecológico, que tratou o pastoreo como vía para mitigar o cambio climático desde a perspectiva da gandería rexenerativa.

As sesións técnicas continuaron coa participación de **María Roda**, investigadora especializada en nutrición e benestar animal, que analizou se as tecnoloxías de gandería de precisión poden detectar antes que o propio profesional o que ocorre nun cebadeiro. Na súa segunda disertación referiuse á relación entre densidade de animais por curral, quilos producidos e benestar animal. Tamén interviñeron **José Jesús de la Fuente**, catedrático en SaBio-IREC, centro mixto CSIC-UCLM-JCCM, e especialista en carrachas, enfermidades transmitidas por vectores e vacinología, cun relatorio sobre a evolución das vacinas para o seu control; **Carmen Fernández Moro**, xefa de servizo da Área de Medio Ambiente e Gandería da Subdirección Xeral de Medios de Produción Gandeira do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que explicou como xestionar ECOGAN de forma práctica; **Vicente Rodríguez Estévez**, profesor do Departamento de Produción Animal da Facultade de Veterinaria da Universidade de Córdoba, cun relatorio sobre decisións de manexo en vacún de de-



Comprometidos co apoio ás novas xeracións de veterinarios, desde Vaca Pinta financiamos a asistencia ao Congreso Anembe 2026 de Lucía Díaz, Clara García, María Belén Hernández e Mario Merino, autores dos catro mellores Traballos de Fin de Grao sobre vacún leiteiro da Facultade de Veterinaria de Lugo

► O LEMA “A SOSTIBILIDADE DA PROFESIÓN VETERINARIA” PERMITIU MIRAR NON SÓ CARA AOS RETOS TÉCNICOS DO SECTOR, SENÓN TAMÉN CARA AO BENESTAR EMOCIONAL E LABORAL DOS VETERINARIOS

vesa, sostiabilidade e pegada de carbono, e **Odón Sobrino**, veterinario especializado en sostiabilidade ambiental e mitigación de emisións do sector gandeiro, que baseou a súa intervención no ciclo do nitróxeno.

Así mesmo, tras o acto inaugural, que contou coa participación de **David Iglesias**, veterinario vinculado ao Proxecto Nyangatom, sobre cooperación en Etiopía, a xornada concluíu cunha mesa redonda centrada no benestar da profesión veterinaria, moderada por **Isabel Blanco Penedo**, investigadora especializada en benestar animal e sostiabilidade dos sistemas gandeiros. Nela participaron **Manuel López Bejar**, decano da Facultade de Veterinaria da Universidade Autónoma de Barcelona; **Diana Teixeira**, *public affairs manager* na Federación de Veterinarios de Europa (FVE); **Carmen Arroba**,

veterinaria de campo e socia de Anembe; **Mariano Urraco**, profesor de Socioloxía na Universidade Complutense de Madrid, e **Amparo Osca**, profesora de Psicoloxía Social e das Organizacións na UNED. O debate expuxo cuestións como a carga de traballo, a presión profesional, o relevo xeracional e a sostiabilidade laboral da veterinaria.

XOVES 21: NUTRICIÓN, RECRÍA, CALIDADE DE CARNE, DIAGNÓSTICO, PASTOREO E MANEXO

A xornada do xoves foi a máis intensa desde o punto de vista técnico, cun amplo programa de sesións paralelas arredor da nutrición, a reprodución, a calidade da carne, a recría, o diagnóstico clínico, a xestión sanitaria, o pastoreo e a economía das explotacións.

O día comezou coa intervención de **Stephen Butler** sobre as perdas de xestación en vacas leiteiras, analizando o momento no que se producen e as súas principais causas. En paralelo, **Alexander N. Hristov**, profesor de Nutrición Láctea no Departamento de Ciencia Animal da Universidade Estatal de Pensilvania, examinou a nutrición de proteínas e aminoácidos en vacas leiteiras a través da alimentación, con especial atención á eficiencia de utilización da proteína e á redución de perdas de nutrientes e emisións. ►►



ENERGAN®
PANSENSTARTER



Ayuda a prevenir cetosis

- Estimula el apetito
- Ayuda a prevenir cetosis
- Mejora la producción
- Aumenta la rentabilidad

MEJOR
preparación

MAYOR
producción



Descubre la
experiencia
Energan

COMPOSICIÓN:

- Extractos de raíz de genciana: Tónico digestivo que incrementa el apetito y facilita la digestión.
- Levadura de cerveza: Con aminoácidos, vitamina B y minerales traza para estimular la microbiota ruminal.
- Propionato cálcico y propilenglicol: El propionato y el propilenglicol son nutrientes clave para obtener un aporte extra de glucosa y el calcio ayuda a superar la hipocalcemia y la hipomotilidad intestinal.

Construyendo el futuro
de la salud animal

Virbac

► O PROGRAMA COMBINOU CIENCIA, FORMACIÓN PRÁCTICA, COMUNICACIÓN ORAIS, PÓSTERS, SIMPOSIOS DE EMPRESA E ESPAZOS DE ENCONTRO CO SECTOR

A produción de carne tamén tivo un papel destacado coas intervencións de **María Salud Rubio Lozano**, profesora da Facultade de Medicina Veterinaria e Zootecnia da Universidade Nacional Autónoma de México e especialista en ciencia, calidade e inocuidade da carne. No seu primeiro relatorio disertou sobre a carne bovina tropical desde o punto de vista das súas bases xenéticas, sistemas de produción e límites estruturais de calidade nos mercados internacionais. Posteriormente, presentou un relatorio sobre carne cultivada e os avances desenvolvidos durante máis dunha década cara a unha alimentación sustentable.

A microbioloxía da auga en vacún leiteiro foi abordada por **Fernando Sanagustín**, médico veterinario e experto en calidade de auga en animais, mentres que **María del Mar Bravo**, veterinaria oficial da Junta de Extremadura dedicada ao control oficial da prescrición veterinaria, explicou como afrontar unha inspección do *botiquín* veterinario.

A recría e o manexo de xatos foi o tema central do relatorio de **Jodi Wallace**, veterinaria especializada en gando leiteiro e copropietaria do Hospital Veterinario de Ormstown,

que enumerou estratexias de coidado de xatos orientadas a lograr cero tratamentos e cero perdas. Nunha segunda intervención detívose na resolución de problemas no coidado de xatos desde a práctica veterinaria.

Na área de nutrición, **Luiz Ferraretto**, profesor asociado e especialista en extensión de nutrición de ruminantes na Universidade de Wisconsin-Madison, puxo o foco na modulación da fermentación do ensilado para minimizar perdas e microorganismos non desexados. Posteriormente, analizou a optimización do papel do amidón como fonte de enerxía para as vacas leiteiras.

O programa continuou co relatorio telemático de **Jordan M. Thomas**, profesor da Facultade de Agricultura, Alimentación e Recursos Naturais da Universidade de Missouri e especialista en xestión reprodutiva de vacún de carne. A súa intervención centrouse na selección e desenvolvemento de xovens de reposición, a partir das leccións do Programa de Selección de Xovens de Reposición



Show-Me-Select de Missouri. Tamén se incluíron contidos prácticos como a necropsia en campo, impartida por **Javier Camba**, veterinario especializado en peritación e taxación de sinistros pecuarios; a fluidoterapia en xatos e adultos e o manexo de feridas devastadoras, a cargo de **Amanda Hartnack**, e as novas estratexias de xestión reprodutiva, como Jobsynch e as lactacións estendidas, presentadas por **José Vidal Álvarez**, especialista en sincronización de tarefas en granxas leiteiras, e **Ángel Ávila**, veterinario especializado en manexo reprodutivo e lactacións en vacún leiteiro.

A mastite ambiental foi obxecto de estudo en relatorios a cargo de **Zyncke Lipkens**, veterinaria especializada en ruminantes e saúde do ubre, xefa de equipo de servizo de campo e xestora de contas de atención sanitaria en DGZ-Vivee-MCC Flandres. As súas intervencións centráronse no diagnóstico da mastite ambiental, ►



Necesito renovar mi Maquinaria

Con el **Plan Renove Santander** puedes financiar* en condiciones preferentes para renovar tu maquinaria agrícola e impulsar tu negocio.

- Haz tu explotación agrícola **más sostenible**.
- **Digitaliza** tu negocio.
- Disponible **para clientes y no clientes**.

Es el momento



Infórmate en
bancosantander.es
o en nuestras oficinas.



* Consulta condiciones. Financiación sujeta a previa aprobación por parte del banco.

a súa relación co material de cama, a puntuación, a mostraxe, as solucións e os casos de campo.

Javier Álvarez, enxeñeiro agrónomo e profesor da Área de Producción Animal na Universidade de Zaragoza, presentou novos enfoques para a xestión do pastoreo e casos prácticos de alimentación en pastoreo. A dimensión económica do programa estivo representada por **José Manuel Andrade**, director da Fundación Juana de Vega e docente no Departamento de Empresa da Universidade da Coruña, que afondou nos custos de produción e a viabilidade económica do vacún de carne, con especial atención ao caso de Galicia.

VENRES 22: BIOSEGURIDADE, ECOGRAFÍA, REPRODUCCIÓN, DIXITALIZACIÓN E NOVAS TECNOLOXÍAS

A última xornada do congreso combinou contidos clínicos, reprodutivos, sanitarios e tecnolóxicos, con especial protagonismo da bioseguridade, a ecografía clínica, a reprodución, a redución da pegada de carbono e a dixitalización aplicada á sanidade e á produción animal.

A mañá comezou coa Asemblea de Anembe e coas intervencións de **Jurgen Rehage**, profesor da Universidade de Medicina Veterinaria de Hannover e especialista en medicina interna e cirurxía bovina. O seu primeiro relatorio versou sobre a laparoscopia práctica en gando vacún e, posteriormente, indagou na hiperce-tonemia desde o punto de vista de se se trata dun trastorno metabólico ou dunha adaptación fisiolóxica.

En reprodución, **Jordan M. Thomas** presentou, de novo por videoconferencia, novas estratexias para preparar reprodutivamente as vacas antes de aplicar protocolos de inseminación artificial a tempo fixo ou transferencia de embrións. Na súa segunda intervención avaliou o investimento na xestión reprodutiva e o impacto económico da concepción temperá.

Alexander N. Hristov falou sobre os aspectos prácticos da redución da pegada de carbono nas graxas, mentres que **Sofie Piepers** abordou o papel de *Streptococcus uberis* como patóxeno da mastite, analizando se se trata dun axente ambiental ou contaxioso e se o seu ►►

SIMPOSIOS DE EMPRESA

Os simposios de empresas foron os protagonistas da tarde do xoves. Debateuse sobre distintos aspectos relacionados coa eficiencia reprodutiva, a prevención sanitaria, a nutrición, o diagnóstico, a automatización e o manexo das explotacións bovinas.

A sesión de Ceva xirou arredor das claves para a excelencia en eficiencia reprodutiva en vacas de leite de alta produción, mentres que Boehringer Ingelheim presentou o seu enfoque para a prevención de mastite. Novonosis expuxo novas experiencias nutricionais aplicadas á saúde e á produtividade do gando leiteiro, e Zoetis destinou o seu simposio ao uso da ecografía e da imaxe dixital no diagnóstico preciso da enfermidade respiratoria bovina.

Támén se trataron cuestións vinculadas ao parto e ao muxido, co simposio de Hifarmax sobre como a resolución da distocia pode abrir o camiño cara á eficiencia reprodutiva, e o de Delaval, centrado no muxido robotizado de precisión.

A programación comercial completouse co simposio de GEA Farm sobre CattleEye, o seu sistema de monitorización autónoma da locomoción e da condición corporal; o de Novus, dedicado ao concepto de minerais absorbibles e ás súas posibilidades na suplementación de cinc, manganeso e cobre en vacas leiteiras, e o de AHV International, orientado cara a AHV StopLac Tablet como proposta para o secado de vacas leiteiras sen estrés e sen antibióticos.

► A DIXITALIZACIÓN, A INTELIXENCIA ARTIFICIAL, A SOSTIBILIDADE AMBIENTAL E A BIOSEGURIDADE FORON ALGÚNS DOS GRANDES EIXOS TÉCNICOS DO CONGRESO



40^a Edición

EL EVENTO MUNDIAL PARA TODAS LAS PRODUCCIONES GANADERAS

SPACE

15.16.17
SEPT. 2026
RENNES - FRANCIA

space.fr



#SPACE2026

@SPACERennes

DISFRUTA LA OPORTUNIDAD DE CONECTAR CON SOCIOS, DESCUBRIR INNOVACIONES
Y FORTALECER RELACIONES DENTRO DE LA INDUSTRIA GANADERA.

► JUAN CARLOS GONZÁLEZ DEFENDEU A NECESIDADE DE SEGUIR ADAPTANDO A PROFESIÓN A UNHA REALIDADE CAMBIANTE, CON ESPECIAL ATENCIÓN Á INCORPORACIÓN DA MULLER Á CLÍNICA DE GRANDES ANIMAIS

comportamento é transitorio ou persistente. Posteriormente, Piepers impartiu un relatorio sobre os riscos derivados de mesturar produtos químicos nunha granxa leiteira.

A bioseguridade foi outro dos grandes bloques da xornada da man de **Alberto Allepuz**, epidemiólogo e profesor do Departamento de Anatomía e Sanidade Animal da Facultade de Veterinaria da Universidade Autónoma de Barcelona, especializado en avaliación de riscos, bioseguridade e vixilancia epidemiolóxica. Nas súas intervencións resaltou a importancia da bioseguridade no contexto actual e as oportunidades de mellora nas explotacións bovinas, así como o deseño de plans de bioseguridade en granxa para reducir o risco de entrada de enfermidades.

En paralelo, **Camilo Cabra** desenvolveu dous relatorios centrados na

ecografía clínica da vaca dentro do método BovATUS. No primeiro explicou a aplicación da ecografía clínica máis alá do aparello reprodutor, mentres que no segundo abordou as patoloxías abdominais e torácicas máis comúns que poden diagnosticarse mediante ecografía, destacando a súa utilidade como ferramenta de diagnóstico en campo.

Outro dos puntos fortes do programa foi o dedicado á dixitalización e ao uso de datos en produción animal. **Carlos Piñeiro**, veterinario, PhD pola Universidade de Meiji e profesor de gandería de precisión na Universidade Alfonso X O Sabio, analizou o papel da dixitalización, a ciencia de datos e a intelixencia artificial na sanidade e na produción animal, así como a importancia dos espazos de datos como piar de negocio e como

base para xerar máis valor e novos servizos dirixidos a produtores e veterinarios.

A parte clínica e tecnolóxica completouse coa intervención de **Vicente Peña**, veterinario clínico e fundador de Albéitar Veterinarios e do Centro de Reprodución Bovina e Equina Albéitar La Janda, sobre protocolos anestésicos en campo e mesturas anestésicas; e co relatorio de **Pablo Bermejo**, investigador científico do Departamento de Reprodución Animal do INIA-CSIC e responsable do grupo de Enxeñaría Xenómica Animal, sobre o estado actual das técnicas de modificación xenética aplicadas á gandería.

O congreso rematou co acto de clausura e a entrega de premios ás comunicacións orais. ►►

ESTA EDICIÓN CONTOU COA PRESENZA DE 50 EMPRESAS COLABORADORAS



Probado por la Ciencia. Respaldado por la naturaleza.

- Goff-Bol™ permite una eficacia prolongada, manteniendo los niveles normales de calcio durante las primeras **96 horas** de lactancia.
- Goff-Bol™ es un bolo de **una sola dosis**, y una sola administración postparto, facilitando la rutina de manejo de la granja.
- Sin el impacto negativo en la ingestión de materia seca antes del parto asociada a las estrategias DCAD o el uso de ligantes de calcio/fósforo.
- No es necesario medir el pH en orina.
- Producto exclusivo para vacas multiparas, al contrario que las estrategias DCAD o quelantes de Ca/P que se administran a las novillas en la ración.
- El aplicador especializado Goff-Bol™ permite administrar la dosis completa en una sola aplicación.
- Formulado para cualquier ración para vacas secas

Goff-Bol™ es un bolo de Solanum que ha sido formulado científicamente para enfrentar los desafíos relacionados con el calcio durante las primeras etapas de la lactancia en vacas lecheras.



Goff-BolTM MAX

Solanum Bolus



INATEGA



► O CONGRESO ANEMBE 2027 CELEBRARASE EN 2027 NA CORUÑA, UNHA SEDE XA COÑECIDA POLA ORGANIZACIÓN

OS RETOS VINDEIROS

Xa como presidente saínte, Juan Carlos González fixo unha valoración positiva do traballo desenvolvido durante os últimos anos e apuntou cara aos retos que deberá afrontar a próxima directiva. Lembrou que o labor da Xunta Directiva é “totalmente altruísta” e que quen forma parte dela compaxina esta responsabilidade co seu traballo diario en granxas e clínicas.

González animou o novo equipo a manter a ilusión, darlle continuidade ao que funciona e incorporar novas ideas nesta etapa de transición. Falando dos desafíos pendentes, subliñou a necesidade de seguir adaptando a profesión a unha realidade cambiante, con especial atención á incorporación da muller á clínica de grandes animais e ao encaixe das novas xeracións nun contexto profesional esixente, vocacional e moi vinculado ao medio rural.

O peche da edición de Valladolid serviu tamén para mirar cara ao futuro inmediato. Anembe anunciou que o XXIX Congreso Internacional de Medicina Bovina se celebrará en 2027 na Coruña, unha sede xa coñecida pola organización e elixida para facilitar a transición entre a directiva saínte e a nova Xunta, ademais de regresar ao norte tras varios anos sen celebrar alí o congreso.

COMUNICACIÓNS ORAIS GALARDOADAS POR ANEMBE	
PRIMEIRO PREMIO	
<i>A subnutrición e a suplementación con hidroxitirosol ao final da xestación de vacas de carne afectan ao perfil de ácidos graxos da descendencia</i>	Nieves Escalera Moreno
SEGUNDO PREMIO	
<i>Administración estratéxica de hCG en vacas leiteiras de alta produción sometidas a estrés térmico para mellorar a fertilidade na primeira inseminación posparto</i>	Inmaculada Cuevas Gómez
TERCEIRO PREMIO	
<i>Análise transcriptómica de sangue periférico de vacas frisonas subclínicas, naturalmente infectadas con Mycobacterium avium subesp. paratuberculosis</i>	Arrate Prado López

PREMIO ESPECIAL DÍAZ DE PABLOS Á MELLOR COMUNICACIÓN ORAL EN REPRODUCCIÓN	
PRIMEIRO PREMIO	
<i>Utilidade da ecografía e da termografía na detección de subfertilidade en touros infectados por Besnoitia besnoiti</i>	Silvia Ruiz Caballero



O QUE NINGUÉN LLES CONTOU AO COMEZAR

Seguindo o lema do congreso, “A sostibilidade da profesión veterinaria”, o equipo de Vaca TV quixo mirar máis alá do programa científico e preguntarlles aos asistentes por aquilo que ninguén lles contara cando comezaron a traballar. As respostas debuxaron un retrato coral da profesión: esixente, cambiante, moi práctica e profundamente marcada polas relacións humanas.



Unha das ideas máis repetidas foi a distancia entre o aprendido na facultade e a realidade do exercicio profesional. Varios mozos veterinarios recoñeceron que o primeiro impacto foi descubrir a inseguridade coa que se sae ao mercado laboral, pero tamén a capacidade que se desenvolve ao enfrontarse aos problemas reais. “Sabemos moito máis do que cremos e somos moito máis capaces do que pensamos”, resumiu María Belén Hernández. Nesta liña, Lucía Díaz incidiu nesa mesma evolución: “Non esperaba a capacidade resolutoria que podemos chegar a desenvolver en situacións complexas ou de alta presión”.

Tamén houbo quen subliñou que a formación non remata co título. Para David Otero, o máis inesperado foi comprobar “que tería que aprender tanto despois de acabar a carreira”. Esa aprendizaxe continua, unida á práctica diaria, aparece como unha das claves dunha profesión que esixe adaptación constante e contacto directo con realidades moi diversas.

O compoñente humano ocupou boa parte das respostas. Oriol Franchesa explicou que, aínda que o seu interese inicial estaba nas vacas, “o que realmente me engancho foi a xente do campo”. Na mesma liña, Covadonga Fernández destacou a confianza que os gandeiros depositan no veterinario desde os primeiros anos de exercicio: “Sorprendeume moito porque aínda son moi nova”. Esa confianza, engadiu, debe ir acompañada dun bo ambiente profesional: “Pensas que podes só, que saíches da carreira e podes con todo, e non. Necesitas un equipo”.

A acollida por parte do sector foi tamén un dos aspectos máis mencionados. Seve Fernández enfatizou “a calidade da xente” coma unha das maiores sorpresas do seu traballo, mentres que Clara García destacou a comprensión recibida tanto por parte dos seus compañeiros como dos gandeiros ao empezar sendo alguén novo. Para Gloria Martínez, que comezou a exercer hai 35 anos, esa acollida foi especialmente significativa: “Había moi poucas mulleres veterinarias” e, malia os prexuízos asociados ao mundo gandeiro, lembrou “o agarimo” co que foi recibida e a axuda que atopou no rural.

As respostas tamén reflectiron como cambiou a profesión. Román González apuntou a dous elementos que hoxe considera básicos: as relacións entre traballadores, técnicos e veterinarios, e a irrupción da intelixencia artificial. “Facilítanos o traballo unha auténtica loucura. Eu nunca crin que isto puidese chegar a este nivel, e o que nos queda”, afirmou. Juan José Núñez, pola súa banda, explicou que nunca imaxinou acabar traballando en monitorización animal e análise de datos tras comezar en clínica, unha evolución que agora lle permite “axudar a interpretar a información recollida por sensores e achegar valor a gandeiros, veterinarios e consumidores”.

A amplitude do campo de actuación veterinario foi outra das ideas destacadas. Mario Merino recoñeceu que non esperaba “a diversificación da actuación veterinaria ao longo da cadea produtiva”, nin a relación tan estreita entre os distintos sectores que interveñen nela. Rubén González, desde o

ámbito da empresa, apuntou tamén á gran variabilidade que existe entre os profesionais que traballan dentro das ganderías, tanto gandeiros coma empregados.

Non faltaron respostas máis persoais, ligadas aos primeiros recordos da profesión. Roi Capón evocou a súa primeira noite de garda, cando o seu xefe lle entregou o teléfono e sentiu unha mestura de nerviosismo e ilusión ante a posibilidade de ter que resolver só unha urxencia. Ángel Ávila, coa perspectiva de quen empezou a traballar en 1988, lembrou o impacto que lle produciron as estradas e pistas do rural galego, os quilómetros e as dificultades de desprazamento daquela época.

A vocación, nalgúns casos, tamén apareceu co exercicio diario. Mikel Imaz recoñeceu que entrou na veterinaria “por rebote” e que foi ao empezar a traballar cando descubriu que aquela profesión realmente lle gustaba. “Agora é a miña paixón”, afirmou.

E, entre todas as respostas, houbo tamén espazo para unha conclusión sinxela e optimista. “Ninguén me dixo que ía ser tan bonito”, resumiu Guillermo Lorenzo. Unha frase breve que, en certo modo, condensou o espírito de moitas das entrevistas: a veterinaria bovina é unha profesión dura, esixente e en permanente transformación, pero tamén capaz de xerar vínculos, aprendizaxe, paixón e sentido de pertenza. ■